



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P “Cruceiro de Canido”

Doctor Fleming s/n 15401 FERROL
ceip.cruceiro.canido@edu.xunta.es
TLFNO 881930313

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcruceirocanido>

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE RESERVA DE PRAZA, ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2023/2024

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Reserva de praza no centro de adscrición: IES FERROL VELLO	15 xaneiro ao 6 de febreiro (ambos incluídos)
Data do sorteo público a efectos de desempate	Última semana mes febreiro
Data de publicación da listaxe do alumnado con posto reservado.	22 de febreiro
Publicación de postos escolares vacantes	Antes do 01 de marzo
Presentación da solicitude de admisión	1 ao 20 marzo
Visita ao centro	7 e 14 de febreiro (tarde)
Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo	10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de solicitudes.
Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos	Antes do 25 de abril
Prazo de reclamacións	5 días hábiles contados a partir da publicación dos listados provisionais.
Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos	Antes do 15 de maio
Recurso de alzada ou reclamación (ante a Xefatura Territorial)	Un mes contado desde o día seguinte á súa publicación
Citas co orientador	Serán fixadas despois de saír as listaxes definitivas
Formalización da matrícula en educación infantil e primaria	20 ao 30 de xuño

NOTA INFORMATIVA:

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.